

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de decembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D^a. Eugenia Dolores Blanco Iglesias
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día once de decembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1403).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1404).- IMPUGNACIÓN DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUAIS DE DATA 5.10.15, DITADO NO RECURSO 914/2015, EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 7614/446.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Contratación, do 10.12.15,

conformado polo concelleiro delegado da Área de Contratación e a xefa do Servizo de Recursos e Asesoramento, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Constitución española, de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PPT).
- Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013.
- Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET).
- Lei 22/2013, Xeral de Orzamentos do Estado para 2014.

ANTECEDENTES

En data 13 de outubro, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC), notificou a esta Administración a súa Resolución n.º 901/2015, de data 5 de outubro de 2015. A mesma foi adoptada durante a tramitación do recurso 914/2015, recurso especial en materia de contratación interposto por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A, contra a súa exclusión do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo. Na citada resolución, o TACRC acorda "Estimar o recurso interposto por D. P.P.S., en nome e representación de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., contra o acordo de exclusión da licitación do contrato de servizos para a conservación e reposición de zonas verdes na cidade de Vigo, anulado devandito acordo e declarando a procedencia da admisión da oferta".

En data 18 de novembro de 2015, D. Pablo Pérez Serrano, en nome e representación de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A, presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello, no que alega a notificación da resolución do citado recurso e a súa executividade da mesma. En consecuencia, solicita a súa execución e a continuación do procedemento de licitación.

É preciso comezar realizando unha relación fáctica por orde cronolóxico dos antecedentes máis relevantes deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 26 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) adoptou o seguinte acordo:

“1º Aproba-lo gasto (...)

2º Aproba-lo expediente de Servizos de Conservación e Reposición das Zonas Verdes da Cidade de Vigo que contén o Prego de Prescricións Técnicas particulares de data 01/09/2014 e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 15/09/2014.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- En data 5 de xuño de 2015, en sesión da Mesa de Contratación do Concello de Vigo, abriuse o sobre A “Documentación persoal” das ofertas presentadas á licitación. Cualificada a mesma, a Mesa acordou admitir a todos os licitadores presentados. A continuación, en sesión pública, procedeuse á apertura do sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor”, e solicitouse informe de valoración da mesma ao servizo xestor, Montes, Parques e Xardíns. O mesmo foi entregado á mesa o 17 de xullo do mesmo ano, que o acepta.

Terceiro.- En data 21 de xullo de 2015, en sesión pública, a Mesa de Contratación, procedeu á apertura do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula”, acordando dar traslado da mesma ao servizo xestor para a súa avaliación. En informe do mesmo día, o xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, pon de manifesto a existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, en concreto as presentadas polas empresas CESPA-COMPAÑIA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES, S.A. e VALORIZA. Así mesmo, advirte que outras dúas empresas, ALTHENIA, S.L. e CESPA, conteñen valores contraditorios entre o prezo do contrato expresado en euros e a porcentaxe que este prezo representa sobre o prezo de licitación do contrato.

Cuarto.- En data 24 de xullo de 2015, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas cuxas ofertas presuntamente conteñen valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de 3 días para xustificar as súas ofertas. Acórdase conceder este mesmo prazo ás empresas cuxas ofertas conteñen valores contraditorios para aclarar os mesmos. Este acordo foille notificado ás empresas interesadas na mesma data, 24 de xullo.

Quinto.- En data 27 de xullo de 2015, ALTHENIA presenta a aclaración requirida e en 29 de xullo de 2015, CESPA e VALORIZA presentan senllos escritos no Rexistro Xeneral do Concello de Vigo, de xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das súas ofertas.

Sexto.- En data 31 de xullo de 2015, a Mesa de Contratación acorda admitir a aclaración de ALTHENIA, por tratarse dun simple erro material e a exclusión de CESPA por non aclarar os valores contraditorios da súa oferta económica.

Sétimo.- En data 31 de xullo de 2015, a Mesa acordou formular proposta de exclusión á Xunta de Goberno Local da mercantil VALORIZA por non ter xustificado ós valores anormais ou contraditorios da súa oferta económica.

Oitavo.- En data 3 de agosto de 2014, a Xunta de Goberno Local, acordou:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 31 de xullo de 2015, de “Excluír a CESPACOMPAÑIA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES, S.A, do procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446), porque a súa oferta económica contende valores contraditorios entre o prezo do contrato expresado en euros e o porcentaxe de rebaixa que este prezo representa sobre o prezo de licitación do contrato, non presentando aclaración ó respecto durante o prazo concedido ó efecto e indicando na xustificación dos valores anormais da súa oferta un importe anual do contrato distinto ó indicado na súa oferta económica”

*Segundo.- Excluír da presente licitación a mercantil VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, e non xustificar ós mesmos, por canto existe unha discrepancia no presuposto desglosado do servizo axuntado no sobre B e o cadro resumen achegado na documentación xustificativa da baixa xa que non coinciden as porcentaxes económicas destinadas a persoal, maquinaria e vehículos, materiais funxibles; ademais a financiación e amortización a que fai referencia o cadro do presuposto desglosado non existe no cadro resumen económico da xustificación.
(...)”*

Na mesma resolución acórdase a clasificación dos licitadores en orde descendente e requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALTHENIA, S.L., determinada documentación.

Noveno.- En data 6 de agosto de 2015, a XGL acordou a adxudicación do procedemento obxecto deste recurso a ALTHENIA, S.L. O contrato formalizouse o día 28 de agosto de 2015, e comezou a súa execución o día 1 de setembro do mesmo ano.

Décimo.- En data 19 de agosto de 2015, D. Pablo Pérez Serrano, en nome e representación de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., interpón recurso especial en materia de contratación contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda excluír a súa representada do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non xustifica-los mesmos.

Undécimo.- En data 5 de outubro de 2015, o TACRC, en resolución n.º 901/2015, de estima o recurso. Resolución que é comunicada por correo electrónico a esta Administración en data 13 de outubro de 2015, e notificada por correo ordinario en data 13 de novembro de 2015.

Duodécimo.- En data 9 de decembro de 2015, o Concelleiro delegado de Montes, Parques e Xardíns, solicita ó servizo de Contratación que se estude a posibilidade de impugnación da resolución n.º 901/2015 do TACRC, e, caso de resultar pertinente á mesma a xuízo do citado servizo, a realización dos trámites pertinentes para levala a cabo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

A lexislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe ós recursos administrativos comúns para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada, contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía igual ou superior a 200.000 euros (suposto no que pode encadrarse o presente

procedemento), ou contratos de xestión de servizos públicos nos que o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa superior a 500.000 euros e o prazo de duración superior a cinco anos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 41.4 TRLCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

En virtude do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013, atribúese pola citada Comunidade ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, a competencia para a tramitación e resolución dos recursos, solicitudes de adopción de medidas provisionais e cuestións de nulidade dos actos do procedemento de adxudicación e contratos a que se refiren os artigos 40.1,43 e 47 do TRLCSP (...).

A resolución ditada neste procedemento será directamente executiva (artigo 49.3 do TRLCSP), e contra a mesma só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo (artigo 49.1 do TRLCSP).

-II-

A Resolución n.º 901/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais acorda estimar o recurso interposto por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., contra o acordo de exclusión da licitación do contrato de servizos para a conservación e reposición de zonas verdes na cidade de Vigo, anula o devandito acordo e declara a procedencia da admisión da oferta.

VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., foi excluída do procedemento para a contratación de servizos para a conservación e reposición de zonas verdes na cidade de Vigo, tal e como xustifica a resolución da Xunta de Goberno Local de 3 de agosto de 2014 "por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, e non xustificar ós mesmos, por canto existe unha discrepancia no presuposto desglosado do servizo axuntado no sobre B e o cadro resumen achegado na documentación xustificativa da baixa xa que non coinciden as porcentaxes económicas destinadas a persoal, maquinaria e vehículos, materiais funxibles; ademais a financiación e amortización a que fai referencia o cadro do presuposto desglosado non existe no cadro resumen económico da xustificación".

Nos contratos do sector público ten que haber un equilibrio entre as prestacións a que se compromete cada unha das partes. A Administración ten o deber de velar porque o prezo do contrato sexa adecuado para garantir o seu correcto cumprimento, razón pola cal a lei, por un lado, esixe que os prezos dos contratos teñen que responder a valores reais de mercado (artigo 87 do TRLCSP), e por outro, establece cautelas para evitar que os licitadores oferten valores que fagan moi difícil, senón imposible, o cumprimento do contrato nos términos pactados. Circunstancia que ben podería abocar á administración a ter que promover a resolución do

contrato, ou ben unha modificación do mesmo. Así, a cualificación dunha oferta como anormalmente baixa é presunta, e esixe solicitar ó empresario afectado unha xustificación, regulando o artigo 152 do TRLCSP o procedemento a seguir. A finalidade da regulación comunitaria das ofertas anormais ou desproporcionadas é arbitrar un procedemento contradictorio no que se permita ao licitador xustificar os presuntos valores anormais ou desproporcionados da súa oferta, evitando o rexeitamento automático de ofertas por esta circunstancia. Nesta línea, o artigo 152 do TRLCSP establece que, cando se identifique unha proposición que poda ser considerada desproporcionada ou anormal:

- Deberá darse audiencia ao licitador que a presentou para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma. O propio artigo 152.3 establece circunstancias que poderían xustificar estes valores anormais ou desproporcionados:
 - O aforro que permita o procedemento de execución do contrato.
 - As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación.
 - A orixinalidade das prestacións propostas.
 - O respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación.
 - A posible obtención dunha axuda do Estado.
- No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.
- Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado anterior, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo coa orde en que sexan clasificadas.

Sobre a regulación legal deste procedemento no artigo 152 do TRLCSP, a doutrina do TACRC extrae dúas conclusións (por todas, resolución de 9 de febreiro de 2011, ditada no recurso 64/2010):

- Cando para a adxudicación deban terse en conta varios criterios de valoración, os que deben servir de base para determinar si unha oferta é ou non anormalmente baixa deben facerse constar no prego de cláusulas administrativas particulares.
- A finalidade desta apreciación é determinar que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados.

Interpretando esta doutrina, o Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón, na súa resolución 076/2012, aclara que “la apreciación de que la oferta contiene valores anormales o desproporcionados no es un fin en sí misma, sino un indicio para establecer que la proposición no puede ser cumplida como consecuencia de ello y que, por tanto, no debe hacerse la adjudicación a quien la hubiera presentado. De acuerdo con ello la apreciación de si es posible el cumplimiento de la proposición o no, debe ser consecuencia de una valoración de los diferentes elementos que concurren en la oferta y de las características de la propia empresa licitadora, no siendo posible su aplicación automática”, e así mesmo que “Mediante el procedimiento de verificación contradictoria, se trata de comprobar, por el órgano de

contratación, la viabilidad y acierto de la proposición en los términos en que fue presentada al procedimiento licitatorio. Consiste pues, en la aclaración de los elementos en que el licitador fundamentó su oferta y en la verificación de que, conforme a dicha aclaración, la misma es viable, de forma que la ejecución de la prestación que constituye el objeto del contrato queda garantizada, en el modo y manera establecidos en los pliegos de condiciones”.

Como se desprende do relato fáctico dos antecedentes, esta Administración, detectada a existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, seguiu o procedemento previsto no artigo 152.3 do TRLCSP, e concedeulle un prazo de tres días hábiles ás empresas incursas neste suposto, para que xustificasen as súas ofertas. Presentadas estas xustificacións, a Mesa solicitou un informe técnico, tal e como impón o citado artigo ao determinar que “No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente”. E á vista do mesmo, acordouse propoñer a exclusión da oferta do recorrente ao órgano de contratación.

Este informe do xefe do servizo de Montes, parques e xardíns, de 30 de xullo de 2015, en relación á exclusión e VALORIZA establece que:

“Con data 29 de Xullo de 2015 ten entrada no rexistro Xeral do Concello de Vigo a documentación xustificativa relativa a valores anormais ou desproporcionados.

O licitador xustifica a súa baixa en varios puntos:

- Aforro nas compras o poder realizar grandes volúmenes por pertencer o grupo SACYR.*
- Ahorro na adquisición de vehículos eléctricos mediante el plan Movele 2015.*
- Aforro na adquisición de vehículos e maquinaria con condicións xerais aprobadas por Liberbank para o grupo SACYR. Aporta documentación do mesmo.*
- Aforro en elementos vexetais . O dispor de viveiro propio Viveiros do Falcao, S.A se diminuirán os custos na adquisición de elementos vexetais o longo da prestación. Achega documentación.*
- Aforro na contratación de persoal durante a tempada alta. Contratará persoal pertencente o grupo COGAMI (confederación galega de persoas con discapacidade). Achega documentación pertencente o convenio firmado.*

Non obstante obsérvase unha discrepancia no presuposto desglosado do servizo adxuntado no sobre B e o cadro resumen achegado na documentación xustificativa da baixa xa que non coinciden as porcentaxes económicas destinadas a persoal, maquinaria e vehículos, materiais funxibles; ademais a financiación e amortización a que fai referencia o cadro do presuposto desglosado non existe no cadro resumen económico da xustificación.

Conclusión

A documentación aportada non xustifica que a oferta non presente baixa temeraria”.

O propio técnico aclara este informe **en outro posterior** dicindo que:

“Como ya quedó reflejado en el informe de fecha 30/07/2015 se observa una discrepancia en los porcentajes indicados en el presupuesto desglosado aportado en el sobre B y el aportado como justificación de la baja temeraria. A modo de ejemplo, en el documento del sobre B indica un porcentaje de costes para personal del 82,52% y en la justificación de la baja temeraria indica un

88,57% . Estas discrepancias existen en el resto de las partidas aunque la de personal sea la más representativa del coste total del servicio.

Orzamento desglosado do servizo (%) pertencente ao sobre B:

PRESUPUESTO DESGLOSADO DEL SERVICIO (%)		
CONCEPTO	% PARCIAL	% TOTAL
I. AMORTIZACIÓN-FINANCIACIÓN		6,12%
Vehículos	4,88%	
Maquinaria	1,24%	
II. COSTES DE PERSONAL		82,52%
Personal Técnico	4,98%	
Personal directo	77,54%	
III. MATERIALES CONSUMIBLES		7,42%
Explotación de vehículos	2,84%	
Explotación de maquinaria	0,97%	
Materiales fungibles	3,61%	
IV. GASTOS FIJOS ANUALES DE MANTENIMIENTO		3,94%
Herramientas	0,25%	
Vestuario	0,80%	
Instalaciones	2,89%	
TOTAL PRESUPUESTO		100,00%

Respecto ao aforro no procedemento de execución do contrato o licitador aporta un estudo de custos indicando entre outros:

Aforro na contratación de persoal:

Xustifícao cun convenio de colaboración con COGAMI para as contratacións de persoal necesarias durante a tempada alta, substitucións de persoal, vacacións e cobertura de vacantes por baixa. Non realiza ningún estudo económico do que supón contratar con COGAMI ao persoal e achega un convenio de colaboración dun ano (renovable) con esta entidade para a subcontratación integral e a contratación prioritaria a persoas con discapacidade. Este convenio de colaboración en materia de contratación de medios humanos asinado con data 27 de xullo de 2015, é dicir, con posterioridade á data de presentación de ofertas incumpre o punto 15 das FEC que só permite a subcontratación ao 50% dos medios materiais.

Aforro en compras e elementos vexetais:

Con respecto ao aforro en compras indica que por ser unha empresa pertencente ao grupo SACYR obtén condicións moi favorables nas compras, sen aportar certificados de provedores que así o xustifiquen, nin datos comparativos con respecto aos prezos habituais de mercado para unha empresa que non pertenza ao grupo e que darían fe do aforro que supón para o contrato.

Nas compras de elementos de vexetais aporta un certificado dun provedor de data 28 de xullo de 2015 (Viveros do Falcao S.A) comprometéndose ao fornezo de todos os elementos necesarios requiridos para o cumprimento do contrato. Este documento non indica prezos e o licitador está aplicando uns prezos no estudo de custos que non están debidamente garantidos nin xustificadas.

No caso de flor de tempada non é aplicable un custo de 0,25 €/unidade por varias razóns:

1.- Non se aportan prezos unitarios, como se indicou anteriormente, senón só un compromiso de fornezo do provedor.

2.- Aplícase un prezo medio á flor de tempada que para nada é indicativo do prezo medio dos custos de todas as variedades utilizadas nas diferentes zonas verdes. No caso do fornezo de árbores e arbustos a aplicación dos prezos unitarios indicados polo licitador esta moi por baixo do custo real dadas as características e calidade das especies vexetais a repoñer que fixa o prego.

Os custos destinados a materiais varios: tratamento en praderas cespitosas, en tratamentos fitosanitarios, en mobiliario urbano e en material de rego considéranse inferiores dado que o número de unidades contempladas para cada un destes conceptos esta por baixo das necesidades reais do servizo. Así se contemplan 242,96 kg de semente de céspede para tratamentos en praderas cespitosas o cal dá para aproximadamente 7.288 m2 de recebo de pradera cando o pliego de prescricións técnicas no punto 4.1.2 (sega de céspedes) esixe o compromiso da renovación anual do 25% da superficie total das praderas existentes, o que claramente é insuficiente.

Conclusión:

Os argumentos utilizados para a xustificación da baixa temeraria non están suficientemente motivados e xustificadas porque a documentación aportada son compromisos que non garanten ao licitador a súa aplicación no estudo económico, algunhas das partidas económicas son insuficientes para cumprir as características que esixe o pliego e a redución de custos de persoal en base a subcontratación incumpre o prego de cláusulas administrativas (punto 15 das FEC). Isto implica que non se pode garantir a prestación correcta do servizo con estas condicións indicadas polo licitador”.

Á vista destes informes técnicos, a Mesa de Contratación propón ó órgano de contratación, que a acorda, a exclusión de Valoriza do presente procedemento por conter a súa oferta valores anormais e non ter acreditado o cumprimento da oferta nos termos previstos nos pregos. Pois tal e como di o TACRC na resolución de 9 de febreiro de 2011 (recurso 64/2010) *“en definitiva la decisión sobre si la oferta puede cumplirse o no corresponde al órgano de contratación sopesando las alegaciones formuladas por la empresa licitadora y los informes emitidos por los servicios técnicos. Evidentemente ni las alegaciones mencionadas ni los informes tienen carácter vinculante para el órgano de contratación que debe sopesar adecuadamente ambos y adoptar su decisión en base a ellos”.*

A xustificación da parte dispositiva da resolución do TACRC atópase no fundamento xurídico sexto do mesmo, que di *“ Sexto. Pues bien, como se desprende tanto de la cláusula 17 del PCAP, como del requerimiento efectuado a la recurrente para la justificación de su oferta, lo que se pidió fue una justificación de las ofertas presentadas, remitiéndose al procedimiento previsto en el artículo 152 del TRLCSP; con todo, el informe técnico parece requerir una justificación directa y detallada del precio de acuerdo con los valores desglosados detallados en el sobre B. Si se excluye esta oferta, no es tanto porque se dude de la solvencia y capacidad de la empresa para prestar el servicio al precio fijo propuesto, sino porque al justificar la oferta se modificaron los valores desglosados o no se justificó partida por partida, el ahorro que alegan. Como señalamos en la resolución 795/2015 de 4 de septiembre en la consideración de este Tribunal, la “información justificativa”, en los términos en que está pensada en la Ley, debe entenderse referida a las precisiones que solicite el órgano de contratación que pueden ser, entre otras, las relativas “al ahorro que permite el procedimiento de ejecución del contrato, las soluciones técnicas adoptadas o las condiciones excepcionalmente favorables de que disponga”. Como ya señalamos, la finalidad de la legislación de contratos es que se siga un procedimiento contradictorio para evitar que las ofertas con valores anormales o desproporcionados se podan rechazar sin comprobar antes su viabilidad. No se trata de justificar exhaustivamente la oferta o detallar pormenorizadamente los ahorros producidos en las distintas partidas de los costes presupuestados, sino de proveer de argumentos que permitan al órgano de contratación llegar a la convicción de que se puede llevar a cabo. Y obviamente, tales argumentos o justificaciones deberán ser más profundos cuanto mayor sea la desproporción de la oferta. En el caso que nos ocupa, y atendiendo al umbral de temeridad en el presente caso, la oferta presentada por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A., sólo sobrepasa el mismo en 0,88 puntos, lo cual supone, como se hace constar por la citada empresa en la justificación sobre la viabilidad de la oferta que presentó, una diferencia de importe neto del contrato de 176.319,09 euros para los cuatro años del contrato, lo cual supone 44.079,77 euros anuales. A lo anterior debemos añadir que, habida cuenta el precio por el que se adjudicó el contrato, 17.894.105,96 euros, la baja de la recurrente con respecto a la de la empresa adjudicataria es de solo 2,71%, por lo que, a juicio de este Tribunal los argumentos de los menores costes dados por la recurrente (ahorro en los gastos de adquisición de vehículos eléctricos, condiciones especialmente favorables en la adquisición de otros vehículos y maquinaria otorgadas por Liberbank, existencia de vehículos propios, existencia de una empresa dentro del Grupo a lo que pertenece con vivero propio,*

existencia de naves, servicio de prevención, personal administrativo por consecuencia de la ejecución de otro contrato en un pueblo próximo) justifican sobradamente la viabilidad de la oferta realizada por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A.”.

Tras o exame do citado fundamento xurídico poden extraerse dúas conclusións sobre os requisitos que deben reunir as xustificacións que deben presentar os licitadores cuxas ofertas estean incursas en presunción de temeridade:

- Non se trata de xustificar exhaustivamente a oferta ou detallar pormenorizadamente os aforros producidos nas distintas partidas dos custos presupostados, senón de prover de argumentos que permitan ao órgano de contratación chegar á convicción de que se pode levar a cabo.
- Tales argumentos ou xustificacións deberán ser máis profundos cuanto maior sexa a desproporción da oferta.

O TACRC utiliza unicamente como argumento para xustificar a viabilidade da oferta, que esta é temeraria por unha escasa porcentaxe, circunstancia que permite que a xustificación non teña que ser “tan profunda” (sic) como se fose temeraria por máis porcentaxe, resultando suficiente para xustificar a viabilidade da mesma apuntar argumentos que permitan ó órgano de contratación que se poda levar a cabo a mesma.

Que sexa temeraria por un pequeno marxe non implica que non sexa temeraria. De feito, non podemos perder de vista o feito de que nun contexto de crise como o actual é frecuente que todos os licitadores oferten prezos baixos, inferiores ó prezo de mercado. Dado que as baixas temerarias calcúlanse con referencia a media aritmética das baixas das ofertas presentadas, a veces eliminando unha ou varias das ofertas cos valores máis altos (como ocorre neste caso a tenor da cláusula 17 do PCAP), se todos os licitadores ofertan prezos baixos, a media das baixas está bastante afastada do prezo de licitación. No caso que nos ocupa, tal e como informaba o xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, en informe de 21-07-15, tras a apertura das ofertas económicas, “O valor da media estimado e de 18,02% o que implica que existen dúas empresas que entran en baixa temeraria que son:

- CESPAS S.A. (29%)
- VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.(28,9%)”

Como podemos observar no cadro axunto, no procedemento de licitación obxecto deste informe, das 14 empresas admitidas na licitación, a metade, 7, ofertaron prezos máis dun 20% máis baratos co prezo de licitación, que ascendía a 6.060.968,57 €/ano. Prezo que estaba axustado ó mercado, pois as prestacións que engloba o contrato actual, vixente ata o 31 de agosto de 2015, prestábanse a través de tres contratos: o de mantemento de zonas verdes, o de mantemento de parques forestais e o de mantemento do céspede de Balaidos, representado o primeiro un custe anual de 5.528.823,36 €/ano, e o segundo de 294.615, 36 €/ano, e o terceiro de 56.628 €/ano, ascendendo a suma dos tres a 5.880.066,72 €/ano. E o novo contrato inclúe ademais un 30% máis de zonas verdes a manter que o anterior.

LICITADORES	Valor Propuesto	Valor Ofertado	Diferencia	Baja
8. CESPA S.A	24.243.874,28	17.213.801,76	7.030.072,52	29,00
3. VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	24.243.874,28	17.237.394,62	7.006.479,66	28,90
10. ALTHENIA,S.L.	24.243.874,28	17.894.105,96	6.349.768,32	26,19
11. API MOVILIDAD	24.243.874,28	18.286.427,05	5.957.447,23	24,57
13. UTE INGESAN-OHL.	24.243.874,28	18.498.076,04	5.745.798,24	23,70
1. UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE- EL EJIDILLO	24.243.874,28	18.544.139,43	5.699.734,85	23,51
5. ORTO PARQUES Y JARDINES S.L.	24.243.874,28	19.031.441,29	5.212.432,99	21,50
14.-UTE MACRAUT INGENIEROS S.L – SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN S.L.- ARCEBANSÁ S.A.	24.243.874,28	19.448.435,93	4.795.438,35	19,78
2. ABSA.	24.243.874,28	20.316.615,45	3.927.258,83	16,20
6. TALHER,S.A	24.243.874,28	21.192.885,69	3.050.988,59	12,58
4. ELSAMEX,S.A	24.243.874,28	21.296.000,00	2.947.874,28	12,16
12. GESECO, S.A	24.243.874,28	21.813.358,23	2.430.516,05	10,03
7. EULEN,S.A.	24.243.874,28	22.302.838,17	1.941.036,11	8,01
9. GRUPO RAGA, S.A.	24.243.874,28	22.639.366,30	1.604.507,98	6,62

E resulta evidente o perigo que pode representar para unha Administración pública o feito de adxudicar un contrato por debaixo do seu prezo. Como pon de manifesto D. Juan Carlos Gómez Guzmán, consultor de custes e prezos de contratos públicos, no artigo “Bajas temerarias, o el porqué de las ofertas económicas «agresivas». La estrategia del órgano de contratación”, publicado na páxina web do Observatorio de Contratación pública “nos llama la atención los sobrecostos de los contratos, cuando aparecen los modificados y las solicitudes de revisión de precios, porque los contratistas quieren recuperar la “rentabilidad cesante” de sus activos, debido a los precios bajos en que formularon su oferta económica (...) Pero, ¿por qué actúan así las empresas licitadoras?. Pues lo hacen porque, normalmente, tienen un exceso de capacidad productiva que está ociosa (...) Por eso es muy frecuente, y no solo en tiempos de crisis, que las empresas se encuentren fabricando por debajo de su capacidad debido al desajuste entre lo que realmente son capaces de producir y su demanda efectiva”.

Pois ben, tal e como manifesta o propio TACRC, en Resolución nº 042/2011, ditada no Recurso nº 027/2011 “la Administración dispone de un cierto nivel de discrecionalidad en la apreciación de las cuestiones de carácter técnico que no son controlables desde el punto de vista jurídico. Ello no significa que en punto a los temas de carácter técnico la Administración pueda apreciarlos libremente, pero sí que el control de legalidad no puede ir más allá de determinar si en la apreciación y valoración de tales extremos se ha actuado sin discriminación entre los licitadores de tal forma que los criterios de valoración aplicados a unos hayan sido diferentes de los aplicados a otros, que no se haya incurrido en error patente en la apreciación de las características técnicas valoradas y que, finalmente, no se haya producido ninguna infracción legal en el cumplimiento de los requisitos y trámites del procedimiento de valoración. Este criterio, por otra parte, responde a una Jurisprudencia sobradamente reiterada y consolidada”. Como se pode apreciar, á vista dos antecedentes, esta Administración ha procedido conforme ó

previsto na lei cando algunha oferta contén valores anormais ou desproporcionados. E en contra do que di o TACRC, si que é importante, a xuízo da informante, que a xustificación achegada polo licitador sea coherente coa documentación que forma parte da oferta, como é o presuposto desglosado do contrato. Recordemos que, segundo o informe técnico, “existe unha discrepancia no presuposto desglosado do servizo axuntado no sobre B e o cadro resumen achegado na documentación xustificativa da baixa xa que non coinciden as porcentaxes económicas destinadas a persoal, maquinaria e vehículos, materiais funxibles; ademais a financiación e amortización a que fai referencia o cadro do presuposto desglosado non existe no cadro resumen económico da xustificación”. Tampouco é unha cuestión baladí que a xustificación peque de certa inconsistencia, pois tal e como sinala o informe técnico “Os argumentos utilizados para a xustificación da baixa temeraria non están suficientemente motivados e xustificados porque a documentación aportada son compromisos que non garanten ao licitador a súa aplicación (...), algunhas das partidas económicas son insuficientes para cumprir as características que esixe o prego e a redución de custos de persoal en base a subcontratación incumpre o prego de cláusulas administrativas (punto 15 das FEC). Isto implica que non se pode garantir a prestación correcta do servizo con estas condicións indicadas polo licitador”. E a resolución do TACRC que se pretende impugnar non aporta argumentos que permitan demostrar:

- Que na apreciación e valoración da xustificación o técnico actuara dunha maneira discriminatoria entre os licitadores, de tal forma que os criterios de valoración aplicados a uns sexan diferentes dos aplicados a outros. Pois como pódese apreciar na documentación obrante no expediente, había outra empresa en baixa temeraria, CESP, e actuouse de xeito idéntico con ambas.
- Que non se haxa incorrido en erro patente na apreciación das características técnicas valoradas. Circunstancia que tampouco apreciase nos informes técnicos de valoración das ofertas.
- Que non se produciu ningunha infracción legal no cumprimento dos requisitos e trámites do procedemento de valoración. Circunstancia que tampouco consta que se tiña producido.

E non concorrendo ningunha das circunstancias citadas, a xuízo da informante o TACRC extralimítase na resolución. Pois substitúe o xuízo técnico do funcionario que realiza a valoración, a sazón, enxeñeiro de Montes, sen xustificar a existencia de circunstancias que avalen esta actuación, e con argumentos endebles, tales como o escaso marxe de temeridade ou a suficiencia de apuntar argumentos sen necesidade de aportar xustificacións exhaustivas para xustificar a viabilidade da oferta, máxime cando é temeraria por pouco marxe. Ó igual que os órganos de contratación, á hora de aplicar a lei respectan a autorricas dos tribunais administrativos especiais de resolución de recursos, e a súa doutrina serve de apoio para as decisións adoptadas ó longo dos procedementos, precisamente por ser órganos especializados na contratación pública; estes tribunais deberían respectar o criterio técnico dos funcionarios especializados noutras materias e so discutir a súa discrecionalidade técnica cando sexa palmario que teñen sido arbitrarios, inxustos, padeceron un erro ou a súa actuación prodúcese ó marxe da legalidade vixente. En similares circunstancias, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Madrid, na resolución 34/2012, de 28 de marzo de 2012, retrotrae o procedemento ó momento da emisión do informe de asesoramento técnico respecto da xustificación da oferta. E abre a posibilidade de que se soliciten aclaracións ás xustificacións presentadas se resulta necesario. Establece ó respecto que *“Si al analizar las justificaciones aportadas se considera adecuado pedir aclaraciones, que no supongan modificación de lo presentado, no existe impedimento para solicitar la concreción de aquellos aspectos de la misma que se considere oportuno (...) La apreciación de si es posible o no el cumplimiento de la*

proposición debe ser consecuencia de una valoración de los diferentes elementos que concurren en la oferta y ha de entenderse que cada uno de los factores considerados en su formulación contiene todos los elementos que el licitador ha tomado en consideración para la presentación de la oferta, especialmente los que sean obligaciones impuestas para la ejecución del contrato, no siendo posible rechazar la oferta por no alcanzar el nivel de desglose deseado si el coste se ha considerado e incluido expresamente en la justificación presentada y no se ha apreciado la necesidad de pedir aclaraciones, cuando existen otros elementos que considerados en su conjunto intentan probar la posibilidad de cumplimiento del contrato en los términos ofertados”.

O informe técnico ó que substitúe a resolución do TACRC ó admitir a viabilidade da oferta, é contundente ó afirmar a imposibilidade de cumprimento do contrato nos termos previstos nos pregos, cos prezos unitarios ofertados, en aspectos tales como a subministración de pranta de tempada, os árbores e arbustos, as praderas cespitosas, os tratamentos fitosanitarios, o mobiliario urbano e o material de rego. Tamén é claro o afirmar que respecto o persoal incúmprese o previsto no prego. E por último, os datos da xustificación son contraditorios con respecto os datos da oferta presentada.

Os argumentos introducidos polo TACRC na devandita resolución, que implica distinguir en cada caso concreto se as ofertas son anormais por pouco ou moito marxe, e en función de elo esixir menos ou máis explicacións, supón introducir a inseguridade xurídica e a incerteza no procedemento contradictorio do artigo 152, e en xeral, nos procedementos de contratación. A incerteza xurde o intentar fixar un criterio para determinar cal é “a escasa porcentaxe” que supón que debe inclinar a balanza do lado de admitir a oferta, ou de pedir explicacións máis cumpridas ou menos. Que criterio deben seguir o técnico asesor, ó valorar as xustificacións presentadas no seu informe de asesoramento técnico, a Mesa de contratación, á hora de formular á proposta de viabilidade ou non da oferta ó órgano de contratación, e, en última instancia, o órgano de contratación, ó adoptar o acordo de admitir ou rexeitar a oferta. E como se xustifica, sen faltar os principios de igualdade de trato e prohibición da discriminación entre os licitadores o utilizar, non xa conceptos xurídicos indeterminados, senón límites indeterminados, que haberá que apreciar caso por caso. No caso que nos ocupa, o TACRC non so fala da escasa porcentaxe da baixa de VALORIZA con respecto ó umbral de temeridade, senón tamén con relación á baixa da empresa adxudicataria, sendo a diferenza entre ambas de 2,71%. Pero ¿poderíamos soste o mesmo argumento se a baixa con relación ó umbral fose dun 1% ou dun 1,5 %?. E, en relación coa baixa da empresa adxudicataria, que límite é admisible: ¿3%, 4% ou ¿5%?. ¿Onde colocamos o límite?.

Se se consolida a utilización de criterios como os expostos, probablemente elo levará ós órganos de contratación a eliminar a fixación de fórmulas para determinar cando as ofertas son anormais. O contrario suporía un inxente traballo infructuoso:

- Primeiro, fixar no prego:
 - As fórmulas para determinar cando as ofertas son anormais.
 - Os criterios de adxudicación sobre os que operan.
 - As posibles circunstancias que xustificarían os valores anormais.

- Aberta a licitación, e identificadas ofertas con presuntas baixas anormais ou desproporcionadas, habería que seguir o procedemento contradictorio fixado no artigo 152, o cal demoraría a data de adxudicación do contrato.

- E iniciado este procedemento, o técnico competente para emitir o informe de asesoramento técnico tería que admitir as baixas so con que a empresa incura na presunción de temeridade apunte argumentos que fagan presumible que é viable a execución do contrato, sen que poidan esixirse xustificacións pormenorizadas. Efectivamente, en palabras do TACRC na resolución que nos ocupa *“No se trata de justificar exhaustivamente la oferta o detallar pormenorizadamente los ahorros producidos en las distintas partidas de los costes presupuestados, sino de proveer de argumentos que permitan al órgano de contratación llegar a la convicción de que se puede llevar a cabo”*, e ademais, en caso de dúbida elucubrar cando as baixas son admisibles por rebasar “por pouco” o umbral de temeridade.

E tras pasar todo este traballo aínda podería resultar que, cos argumentos esgrimidos pola citada resolución, habería que admitir a case calquera oferta con tal de que apunte calquera argumento en defensa da viabilidade da súa oferta, pois non é preciso que o xustifique.

En conclusión, é preferible eliminar a posibilidade de que existan ofertas con valores anormais, pois o resultado final, á vista do exposto, é o mesmo, pero acadalo implica un procedemento máis largo e custoso para os diferentes operadores xurídicos que interveñen nun procedemento de contratación.

Máis, o eliminar a posibilidade de que as ofertas conteñan valores anormais, implica o risco de adxudicar os contratos por debaixo do seu prezo de mercado, polo que na práctica a súa execución será problemática, senón imposible. E, en última instancia, o perdedor será o interese público que se trata de satisfacer co contratación proxectada (artigo 22 do TRLCSP).

Como conclusión nos resta sinalar que a doutrina dos tribunais administrativos especiais de resolución de recursos, fixa as características que debe reunir o informe técnico de valoración da xustificación da baixa temeraria. Segundo a mesma, deberá ser “un informe técnico detallado que, sobre lo alegado por el licitador, ponga de relieve que esta anomalía de la oferta no afectará a la ejecución del contrato y que, en ella, tampoco hay prácticas restrictivas de la competencia, prohibidas de forma expresa —lógicamente— por el TRLCSP. En consecuencia, la decisión de aceptación no debe reproducir sin más el informe del licitador interesado, y debe responder a parámetros de razonabilidad y racionalidad” (resolución 076/2012 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón). Circunstancias todas elas que, a xuízo da informante, concorren no informe técnico que determina a imposibilidade de cumprimento da oferta de VALORIZA en función das xustificacións presentadas por esta. Utilizando a terminoloxía deste ditame, podemos concluír que “la presunción de anomalía de la oferta no ha resultado desacreditada de forma objetiva ni razonada y que, la misma, por tanto, atendiendo a la inicial presunción, en aras a preservar el interés público de la licitación, debe ser rechazada. Y ello desde la lógica de la protección del interés del correcto cumplimiento del contrato, que queda cuestionado con una oferta claramente anormal y que, máxime en un escenario de crisis, puede alterar el funcionamiento en competencia del mercado”. En consecuencia, na miña opinión, e polas razóns expostas, procedería recorrer a Resolución n.º 901/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, que estima o recurso interposto por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., contra o acordo de exclusión da licitación do contrato de servizos para a conservación e reposición de zonas verdes na cidade de Vigo, interpoñendo contra a mesma o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 49.1 do TRLCSP). Deste modo, ábrese a posibilidade de que a xurisprudencia fixe o alcance das xustificacións que deben presentar os licitadores e a forma de valoralas, para que poida ser tido en conta polos funcionarios que interveñen nos procedementos de contratación.

-III-

A resolución ditada polo TACRC é directamente executiva (artigo 49.3 do TRLCSP). O recorrente, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A, presentou escrito no Rexistro Xeral deste Concello, en data 18 de novembro de 2015 solicitando a execución desta resolución, e, en consecuencia, a continuación do procedemento de licitación.

Dado que na actualidade xa está prestando o servizo a empresa ALTHENIA, a execución da resolución implicaría a nulidade do acto de adxudicación e a retroacción do procedemento ó momento da efectuar a clasificación dos licitadores admitidos por orde descendente. Tras a admisión de VALORIZA, esta empresa resultaría a primeira clasificada. E, en caso de presentar a documentación especificada no artigo 151 do TRLCSP e na cláusula 8 do PCAP, sería a adxudicataria do contrato.

Se esta Administración interpón recurso contencioso-administrativo contra a resolución 901/2015 do TACRC, este perdería a súa finalidade lexítima se a Administración vese obrigada a execución da resolución recorrida (artigo 130 LJCA). O efecto dunha eventual sentenza estimatoria veríase dificultado pola situación producida durante a pendencia do procedemento xudicial de non acordarse a suspensión, toda vez que a execución inmediata de dita resolución, suporía adxudicar o contrato a empresa VALORIZA, cuxa exclusión do procedemento licitatorio constitúe a cuestión litixiosa do recurso xudicial. E no caso de ser estimado o mesmo, habería que restablecer a ALTHENIA na súa condición de adxudicatario. Coas dificultades que estes cambios de empresa contratista supoñen de cara a prestación do servizo.

-IV-

A competencia para a adopción do presente acordo correspóndelle á Xunta de Goberno Local, pois, o artigo 127.j da LBRL atribúelle “O exercicio das accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia”, ostentando a mesma a calidade de órgano de contratación consonte o apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Os acordos para o exercicio de accións necesarias para a defensa dos bens e dereitos das entidades locais deberán adoptarse previo ditame do Secretario ou, no seu caso, da Asesoría Xurídica, e, en defecto de ambos, dun Letrado (artigo 221.1 do ROF).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, previo informe da Asesoría Xurídica (artigo 221.1 do ROF) , a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución 901/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, perante o Tribunal Superior de Xustiza, solicitando a adopción da medida cautelar de suspensión da execución da citada resolución.

2º.- Dar traslado do presente acordo a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A, en resposta ó seu escrito de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de novembro de 2015”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1405).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15696/444.

Visto o informe de fiscalización do 10.12.15, dáse conta do informe-proposta do 9.12.15, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 9 de decembro de 2015, acordou:

Procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444)..*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 20 de novembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro:- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444)" no seguinte orde decrecente:

	<i>Puntuación Máxima</i>	<i>Baixa única</i>	<i>Puntos totais</i>
<i>FACTOR ENERGÍA , S.A.</i>	<i>100,00 puntos</i>	<i>12,50%</i>	<i>100</i>
<i>GAS NATURAL</i>	<i>100,00 puntos</i>	<i>8,80%</i>	<i>88,58</i>

COMERCIALIZADORA, S.A.			
IBERDOLA CLIENTES, S.A.U.	100,00 puntos	7,46%	84,44
ENDESA ENERGIA, S.A.U.	100,00 puntos	1,79%	23,79

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FACTOR ENERGÍA , S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.469,42 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, FACTOR ENERGÍA , S.A., o día 20 de novembro de 2015, que presenta a documentación requirida en data 1 de decembro, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 3 de decembro de 2015 se acorda, por unanimidade dos membros presentes, requerirle ao licitador para que complete a documentación presentada coa seguinte:

- Certificado de non ter débedas de carácter tributario coa Xunta de Galicia.
- Terá que acreditar a solvencia técnica ben mediante a presentación de certificados de boa execución dos contratos efectuados coas administracións públicas dos que presenta relación, ou ben presentar relación de contratos efectuados de conformidade con outros operadores privados e que polo menos nos prazos dos anos 2012, 2013 e 2014 superen no seu conxunto o prezo do contrato.a presentación de propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

Cuarto.- A documentación requirida foi revisada na sesión da Mesa de Contratación de data 9 de decembro de 2015 sendo esta conforme polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FACTOR ENERGÍA , S.A.,

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FACTOR ENERGÍA , S.A., o procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444), por un prezo de 4.200.008,95 euros, e unha baixa única do 12,5% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados na taboa 2 do apartado 3.F dos pregos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1406).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2016. EXPTE. 6190/335.

Visto o informe de fiscalización do 11.12.15, e o informe complementario da xefa do servizo de Festas, da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 9.12.15, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 9 de decembro de 2015, acordou:

Procedemento negociado con publicidade para a contratación e produción das carrozas para a cabalgata de reis 2016. (expediente 6190-335).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado con publicidade para a contratación e produción das carrozas para a cabalgata de reis 2016. (expediente 6190-335).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesións do 20 e 23 de novembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento negociado con publicidade para a contratación e produción das carrozas para a cabalgata de reis 2016. (expediente 6190-335)." no seguinte orde decrecente:

- 1.- La Fiesta Escénica, S.L. 97 puntos.*
- 2.- C.A. TOTALITY GROUP S.L.U. 76,27 puntos.*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar La Fiesta Escénica, S.L. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, La Fiesta Escénica, S.L. , o día 20 de novembro de 2015, que presenta a documentación requirida en data 2 de decembro, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 3 de decembro de 2015 se acorda, por unanimidade dos membros presentes, requerirle ao licitador que complete a cuantía da póliza de responsabilidade civil ata a cantidade de 600.000 euros.:

Cuarto.- A a documentación requirida foi revisada na sesión da Mesa de Contratación de data 9 de decembro de 2015 sendo esta conforme polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por La Fiesta Escénica, S.L.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a La Fiesta Escénica, S.L. o procedemento negociado con publicidade para a contratación e produción das carrozas para a cabalgata de reis 2016. (expediente 6190-335), por un prezo de 39.750 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1407).- RECEPCIÓN DE CONFORMIDADE DOS TRABALLOS PARCIAIS QUE SUPŌNEN UN 11,62% DO TOTAL DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18994/240.

Dáse conta do informe-proposta do secretario da Comisión de seguimento e control, de comprobación, revisión e actualización do Inventario municipal de Bens e Dereitos, do 4.12.15, que di o seguinte:

Comprobación, revisión e actualización do inventario municipal. 11,62 por cento dos traballos realizados até a entrega da totalidade.

Recibiuse neste Concello, con data 30 de xullo, a documentación referente á totalidade dos tra-

ballos do contrato de servizos para a comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo, habéndose revisado de conformidade un 90 por cento dos mesmos, así como a factura número 15/0000812, de data 30/11/2015, por importe de 56.254,40 euros.

Comprobada a documentación e o informe do xefe de cartografía e delineación de data 3 de decembro de 2015, no que se informa que dende o punto de vista técnico non hai inconveniente a que se proceda ao aboamento da factura, referente aos traballos presentados, que representan ao 11,62 por cento do total, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno, competente en canto órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

Recibir de conformidade os traballos parciais que supoñen un 11,62 % do total do contrato de servizos para a comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo (expediente 18994-240), efectuados pola empresa SCI S.C. INTEGRAL S.L., por importe total de 56.254,40 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1408).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DA APORTACIÓN CO CONCELLO DE VIGO A PROL DA “FUNDACIÓN PROVIGO Y SU ÁREA”. EXPTE. 5731/104.

Visto o informe xurídico de data 13.11.15, e o informe de fiscalización do 9.12.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 10.09.15, conformado pola concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, que di o seguinte:

Visto o escrito presentado pola “Fundación Provigo y su área” o día 13 de maio de 2015 (nº doc. 150059667) e o informe de conformidade asinado o 18 de maio de 2015 polo Xefe de Protocolo e RRPP e aínda que nos dous últimos anos se tramitou o pago da aportación municipal á “Fundación Provigo y su área” a través da aplicación 912.0.227.99.03 (Cuota Fundación Provigo) agora, por instrucións da Concelleira Delegada da área de Festas e Turismo, vaise tramitar o seu pagamento a través do programa de Turismo do vixente presuposto, debido á aportación que a dita fundación realiza no eido da marca de cidade e a promoción de Vigo, polo que previos os preceptivos informes se PROPON:

Aprobar o abono de 48.061,00 € (corenta e oito mil sesenta e un euros) a prol da “Fundación Provigo y su área” (CIF-G36.145.396) en concepto de aportación do Concello de Vigo a ingresar na conta 2080.5000.68.3040233280, con cargo á aplicación 4320.2279907 (Plan de Promoción turística de Vigo) do presuposto en vigor, toda vez que está a desenvolver o seu labor con normalidade e consonte co previsto no seu plan de actuación e estatutos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.